

# Condicións Particulares do Contrato de Subministración de Enerxía Eléctrica

## TARIFA E PREZO

**Tarifa:** Precio fijo

De acordo coa tarifa elixida polo CLIENTE, o Prezo estará constituído polos seguintes conceptos:

- **TERMO DE POTENCIA CONTRATADA:** O importe obtense multiplicando a potencia contratada (kW) polo CLIENTE polo número de meses da subministración, polo prezo fixado pola COMERCIALIZADORA. Non depende do consumo, e inclúe o custo das peaxes e cargos vixentes en cada momento (\*).  
O valor actual do prezo, incluídos cargos e peaxes, é:
  - Tarifa de acceso 2.0TD
    - P1 — 3,74 €/kW·mes (4,76 €/kW·mes impostos incluídos).
    - P2 — 1,56 €/kW·mes (1,98 €/kW·mes impostos incluídos).
  
- **TERMO DE ENERXÍA CONSUMIDA (TEC):** O importe obtense multiplicando a Enerxía Consumida (kWh) polo CLIENTE durante o período de facturación polo resultado da suma das Peaxes e Cargos vixentes en cada momento (\*) e o Custo da Enerxía fixado pola COMERCIALIZADORA.  
O valor actual do prezo, incluídos cargos e peaxes, é:
  - Tarifa de acceso 2.0TD
    - 0,128000 €/kWh (0,162798 €/kWh impostos incluídos).
  
- (\*) As **peaxes e cargos** actualízanse periodicamente pola CNMC, de acordo coa Circular 3/2020, de 15 de xaneiro, pola que se establece o método para o cálculo das peaxes de transporte e distribución de electricidade, e polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de acordo co Real Decreto 148/2021, de 9 de marzo, de metodoloxía de cálculo de cargas do sistema eléctrico. Actualmente son aplicables a Resolución da CNMC de 18 de marzo de 2021, pola que se establecen os valores das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución e, ata o 31 de decembro de 2022, a Disposición Adicional 1ª do Real Decreto-lei 6/2022, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en

Ucraina, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2022-4972>. As variacións que se dean nas peaxes e cargas trasladaranse ao prezo de enerxía usando o perfil de consumo de aplicación aos consumidores sen medida horaria, definido polo Real Decreto 216/2014, ou a disposición que o substitúa, calculado por Rede Eléctrica de España, e accesibles na súa páxina [www.esios.ree.es](http://www.esios.ree.es).

- Sen prexuízo da cláusula 11 (Modificación) das condicións xerais deste Contrato, de maneira adicional ás actualizacións de prezo nas prórrogas anuais, a Comercializadora poderá realizar unha actualización de prezos notificándollo ao cliente cun preaviso dun mes de antelación. A comunicación incluírá unha detallada comparativa entre prezo e importe anterior e posterior á mudanza, de acordo coa lexislación vixente. O Cliente poderá rescindir o Contrato sen custo ningún.

Caso de actualización, o novo prezo será, como máximo e sen prexuízo de a Comercializadora poder aplicar un prezo menor, o resultado da seguinte fórmula:

Novo Prezo = Custo Enerxía + Peaxes + Cargas

Custo Enerxía =  $((1+Perdh) * (PFA + OMIP * Apuntamento + SAh + OCh) * (1+TM)/(1-TM))$ . Onde:

- PERDh: media aritmética dos coeficientes de perdas horarios da peaxe de acceso de aplicación á subministración, publicadas por REE ([www.esios.ree.es](http://www.esios.ree.es)), para os seis meses naturais seguintes ao mes no que se realiza a comunicación. A esta media sumaráselle un coeficiente aditivo de seguridade, en concepto de risco pola diferenza entre as perdas das liquidacións de A2 e de C5 de REE, cuxo valor será de 7 puntos porcentuais.
- OMIP: Media aritmética do “Settlement price”, publicado por OMIP ([www.omip.pt](http://www.omip.pt)), dos produtos FTB M dos seis meses naturais seguintes ao mes no que se realiza a comunicación. Tomaranse os valores publicados o derradeiro día laborable (non festivo segundo o calendario de OMIP) do mes anterior á comunicación. A esta media sumaráselle un importe en concepto de prima de risco por baixa liquidez de mercado con valor de 0,008 €/kWh.
- Apuntamento: calcularase como a suma de todos os produtos horarios dos perfís iniciais, publicados por REE ([www.ree.es](http://www.ree.es)) multiplicados polos prezos medios horarios, publicados por OMIE ([www.omie.es](http://www.omie.es)), dos últimos 12 meses naturais anteriores ao mes no que se realiza a comunicación e dividido polo prezo medio aritmético dos devanditos 12 meses. Ao resultado sumaráselle un valor fixo de 0,1 en concepto de prima de risco por apuntamento.
- SAh: 0,015 €/kWh máis a media aritmética das Restricións máis os Servizos de enerxía de Balance (exceptuando o valor de “Desvíos Medidos”), publicados por REE ([www.esios.ree.es](http://www.esios.ree.es)), dos últimos 12 meses naturais

anteriores ao mes no que se realiza a comunicación. A este valor sumaráse o valor dos desvíos medidos dividido entre un factor de 0,25.

- OCh: Outros custos asociados á subministración, que inclúen: pagamentos por capacidade, servizo de interrompibilidade, retribución do operador do mercado e retribución do operador do sistema, importe unitario da achega ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética. Tomaranse os valores medios dos últimos 6 meses naturais anteriores ao momento da comunicación.
  - TM: Taxa de ocupación da vía pública, vixente no momento da comunicación, regulada no artigo 24.1.c) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, actualmente 1,5 %.
  - PFA: Un parámetro fixo adicional, con valor de 0,034 €/kWh en concepto de custos operativos, custos financeiros, marxe de comercialización e custo de Garantías de Orixe renovable.
- **DESCONTO EN TELECOMUNICACIÓNS (R):** O CLIENTE poderá beneficiarse dun desconto de 4,96 € máis impostos (6,00 € na península IVE incluído), aplicado no produto de telecomunicacións de R que dispoña e sexa elixido polo CLIENTE.

Este desconto xerárase o derradeiro día de cada mes e aplicarase na seguinte factura de servizos de telecomunicación. Será de aplicación coa condición de que:

- i) o CLIENTE teña contratados servizos de telecomunicacións de pospago con R e o produto de telecomunicacións seleccionado se atope activo nesa data e
- ii) o CLIENTE se atope ao corrente das obrigas de pagamento derivadas do seu contrato de enerxía e de telecomunicacións no devandito momento.

O CLIENTE poderá aplicar tantos descontos no seu produto de telecomunicacións coma contratos de enerxía teña coa COMERCIALIZADORA, cun límite mensual destes descontos do importe total mensual do produto de telecomunicacións seleccionado. O exceso de desconto non se acumulará nin aboará.

O desconto será aplicable durante o tempo de vixencia conxunta de ambos os dous contratos. Caso de, en calquera momento, o CLIENTE efectuar a baixa do servizo contratado con R ou coa COMERCIALIZADORA, a presente condición deixará de estar vixente entre as partes e, xa que logo, deixárase de aplicar o citado desconto. Caso de dar de baixa o contrato de enerxía, aplicarase o desconto rateándose en proporción ao número de días do mes nos cales o contrato permaneza activo.

- **OUTROS CONCEPTOS REGULADOS:**

- **Alugueiro de contador:** Caso de se atoparen o equipo de medida e o resto dos compoñentes da medida instalados en réxime de alugueiro, os prezos que se facturen polo devandito alugueiro serán os regulamentariamente vixentes en cada momento e fixados polo Ministerio. O CLIENTE pode consultar os prezos vixentes do alugueiro dos equipos de medida que percibe a empresa Distribuidora en <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2013-8561>, que se repercuten ao CLIENTE sen marxe adicional.
- Repercutirase así mesmo o custo do financiamento do bono social, que será o determinado consonte o disposto no art. 45 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2013-13645>, no Real Decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2017-11505>, e na Orde ETU/943/2017, de 6 de outubro, pola que se desenvolve o Real Decreto 897/2017, de 6 de outubro, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2017-11532>, e posteriormente polo RDL 6/2022, de 29 de marzo, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2022-4972>. Este custo será axustado automaticamente caso de se aplicar calquera mudanza normativa que exonere ou modifique o mesmo ou a súa determinación para as empresas comercializadoras.
- O **resto de conceptos regulados**, como excesos de potencia, penalizacións por reactiva, dereitos de enganche, extensión, etc., son determinados pola Distribuidora segundo a regulación vixente e son repercutidos ao Cliente sen ningunha marxe adicional.

As variacións das tarifas de acceso, peaxes e cargas, así como calquera modificación, creación ou eliminación doutros conceptos regulados que poida modificar ou establecer a Administración, poderán ser repercutidos ao consumidor dende a data de entrada en vigor das devanditas mudanzas, sen que iso teña a consideración de modificación das condicións contractuais do presente Contrato.

- **IMPOSTOS APLICABLES LEGALMENTE ESIXIBLES.** Aos prezos aplicarase calquera imposto legalmente esixible que se atope en vigor. No momento da sinatura do presente Contrato, os devanditos impostos son o Imposto Especial sobre a Electricidade (IESE) e o IVE ou o imposto indirecto correspondente en Canarias, Ceuta e Melilla. O prezo con impostos axustarase ás posibles variacións impositivas aplicables, calquera que for a súa duración temporal.
  - O IESE grava a subministración de enerxía eléctrica para o consumo e régúlase nos arts. 89 a 104 da Lei 38/1992, de 28 de decembro, de Impostos Especiais. Pode consultarse en <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1992-28741>.

- O IVE regúlase na Lei do Imposto sobre o Valor Engadido 37/1992, de 28 de decembro. Pode consultarse en <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1992-28740>.
  - En Canarias aplicárase o IXIC (Imposto Xeral Indirecto Canario). O IXIC atópase regulado na Lei 20/1991, de 7 de xuño, e pode accederse a ela en <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1991-14463>.
  - En Ceuta e Melilla aplicárase o IPSI (Imposto sobre a produción, os servizos e a importación). O IPSI regúlase na Lei 8/1991, de 25 de marzo, <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1991-7645>.
- Os gastos de devolución da entidade bancaria, os gastos derivados do cobro extemporáneo, impago e outros gastos de xestión administrativa análogos serán repercutidos ao CLIENTE cando se deban á falta de fondos ou outras causas imputables ao CLIENTE, correspondendo un importe de até 15,00€ máis impostos (18,15€ impostos indirectos incluídos), acumulables ao importe pendente das facturas impagadas. A COMERCIALIZADORA non os cobrará na primeira devolución para que o CLIENTE poida asegurar a corrección dos datos bancarios, se fose preciso.
  - **Consumo máximo de enerxía:** Esta tarifa aplícase para consumos máximos anuais non superiores a 120.000 kWh. Se o consumo medio mensual durante tres meses consecutivos supera os 10.000 kWh, poderase aplicar ao CLIENTE a partir dese momento a tarifa indexada vixente.
  - **COMPENSACIÓN DE EXCEDENTES DE AUTOCONSUMO.** O CLIENTE, se é o caso, manifesta que opta voluntariamente por acollerse á modalidade de subministración con autoconsumo con excedentes acollida a compensación para cando cumpra todas as condicións administrativas e técnicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.

Neste caso, a COMERCIALIZADORA retribuirá en cada período de facturación ao CLIENTE os kWh de enerxía excedentaria do período (entendendo como enerxía excedentaria aquela que se define no art. 3.q do RD 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica) multiplicada polo perfil solar horario de OMIP de acordo coa seguinte fórmula:

$$TEE = \text{Prezo Enerxía Excedentaria} \times \text{Enerxía Excedentaria (kWh)}$$

Onde:

$$\text{Prezo Enerxía} = P_{mh} - DSVh$$

- PMh: Prezo medio horario obtido a partir dos resultados do mercado diario.

- DSV: Prezo dos desvíos medidos publicado por REE na páxina ESIOS, [www.esios.com](http://www.esios.com), dividido por un parámetro estimativo dos custos reais de desvío da comercializadora, cuxo valor actual é de 0,29.

A facturación efectuarase tomando a enerxía horaria excedentaria facilitada pola compañía distribuidora segundo o establecido na normativa vixente. En aplicación da normativa vixente, o valor económico da enerxía horaria excedentaria non poderá ser superior ao valor económico da enerxía horaria consumida da rede no período de facturación, o cal non poderá ser superior a un (1) mes.

As variacións normativas relativas a compoñentes regulados ou outros custos, tributos ou cargas análogos que afecten o cálculo económico da enerxía excedentaria, de se producir, repercutiranse ao CLIENTE de xeito transparente e automático sen teren a consideración de modificación de prezo.